



OURENSE, A TRECE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 9-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALLEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25-26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C.W. LUGO

Día/hora: 8-3-26; 19:15

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 9-3-26 foi remitido a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta recóllese textualmente o seguinte feito:

"No minuto 06:15 do último período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 12 do equipo visitante (C.W. Lugo), D. Carlos Malatesta Álvarez, por protestar decisións arbitrais tras sancionárselle unha falta en contra erguendo as mans fóra da auga. Ao rematar o partido diríxese ao equipo arbitral para falar dos motivos da súa expulsión, continuando na protesta de ditas decisións e cuestionando a capacidade dos colexiados para expulsalo por dito motivo."

SEGUNDO.- Con data 10-3-26 deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles, de conformidade co artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

TERCEIRO.- Dentro do prazo conferido, presentáronse alegacións por parte do interesado, nas que, en síntese, se sostén que a conduta descrita no anexo arbitral constitúe unha reacción puntual de frustración propia do contexto competitivo, sen insultos, ameazas nin actitude agresiva cara ao equipo arbitral; que, tras a acción, o xogador se dirixiu á súa posición crendo que se trataba dunha expulsión ordinaria; e que a conversa mantida ao remate do encontro tiña como única finalidade solicitar unha explicación acerca da súa expulsión definitiva. Solicita, en consecuencia, o arquivo do expediente e, subsidiariamente, que a eventual infracción sexa cualificada como falta leve sen sanción de suspensión de partidos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Corresponde ao Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN resolver as incidencias producidas nas competicións territoriais, utilizando para iso as actas dos partidos e, no seu caso, os informes arbitrais.

SEGUNDO.- A redacción da acta e do anexo arbitral goza de presunción de veracidade "iuris tantum", sen prexuízo do dereito do interesado a formular alegacións e a achegar cantos elementos de defensa estime oportunos.

TERCEIRO.- No presente expediente, as alegacións formuladas non desvirtúan o núcleo esencial dos feitos recollidos no anexo arbitral. En efecto, aínda que o interesado nega que existise insulto, ameaza ou agresividade, o certo é que o relato arbitral non se limita a describir un mero xesto illado de frustración, senón que fai constar expresamente unha protesta fronte a decisións arbitrais durante o encontro e a continuación de tal protesta ao remate do partido, cuestionando ademais a capacidade dos colexiados para adoptar a expulsión disciplinaria.

CUARTO.- Non concorrendo, segundo o propio relato arbitral, agresión, tentativa de agresión nin insulto expreso, non procede efectuar unha cualificación agravada dos feitos. Con todo, a conduta descrita si integra unha expulsión disciplinaria susceptible de sanción, ao implicar protesta fronte ás decisións arbitrais e persistencia na dita actitude unha vez finalizado o encontro.

QUINTO.- Atendido o principio de proporcionalidade e de conformidade coa Normativa Xeral de Waterpolo Tempada 2025/26, en materia de sancións a xogadores/as no caso de expulsións disciplinarias, a primeira expulsión definitiva leva consigo a sanción de un partido, debendo cumprirse na categoría na que se cometeu a infracción.

RESOLVO

ÚNICO.- Impoñer a D. CARLOS MALATESTA ÁLVAREZ, xogador do C.W. Lugo, a sanción de **UN PARTIDO DE SUSPENSIÓN**, como responsable dunha infracción disciplinaria derivada da súa expulsión definitiva, nos termos recollidos na acta e no anexo arbitral.

A presente sanción deberá cumprirse na categoría na que se produciu a infracción e terá efectos inmediatos, de conformidade coa normativa vixente.

Notifíquese a presente resolución ao interesado e ao club ao que pertence, facéndolles saber que contra a mesma poderá interpoñerse o recurso que en Dereito corresponda, no prazo e forma legalmente establecidos.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense